

CURSO “HABILIDADES E COMPETENCIAS PARA O TRABALLO EN EQUIPO EN COOPERATIVAS” (20H). PORTO DO SON.

A Unión de Cooperativas *Espazocoop* e o Concello de Porto do Son organizan para finais do mes de setembro unha nova acción formativa gratuíta centrada no ámbito cooperativo.

Nesta acción formativa, de carácter presencial e 20 horas de duración, as persoas participantes abordarán, de maneira especialmente práctica, habilidades esenciais da fórmula cooperativa, como son a comunicación e o traballo en equipo.

Contidos do curso:

1. A comunicación.
2. O traballo en equipo.
3. A toma de decisións.
4. O liderado nas cooperativas.

Poderán participar neste curso as persoas interesadas en xeral, tendo preferencia aquelas que se atopen nalgún dos seguintes colectivos definidos polo propio programa: persoas menores de 30, maiores de 45, persoas desempregadas de longa duración, persoas con discapacidade, persoas sen estudos ou con niveis educativos baixos, persoas inmigrantes, emigrantes retornadas, perceptoras e/ou solicitantes de RISGA, IMV, etc.

As clases terán lugar no Viveiro de Empresas de Porto do Son, os días 21, 22, 23 e 24 de setembro, en horario de 09.30h a 14.30h. As persoas interesadas en participar deben enviar a correspondente folla de inscrición ao enderezo electrónico: jose.pazo@portodoson.gal. As prazas, limitadas, asignaranse por orde de inscrición.

Este curso atópase en trámite de inclusión no catálogo de formación baremable para a obtención dos PERMEX de marisqueo a pé (puntuable 0,40 puntos).

Porto do Son, 6 de setembro de 2021.